



# Un novo “código de circulación”

No calendario deste curso, expomos un “novo código de circulación” que denuncia a situación de inxustiza cara ás mulleres no mundo. Para iso utilizamos toda unha serie de sinais de circulación no que aparecen:

- Sinais de prohibición (círculo):
  - Avisan sobre a dificultade de moitas mulleres para manter o seu posto de traballo cando están embarazadas.
  - Denuncian a falta de acceso e/ou control das mulleres a moitos recursos (enerxía, auga, alimentos) e equipamentos (tecnoloxía, maquinaria) necesarios para traballar, pero tamén unha serie de recursos económicos (créditos, heranzas, títulos de propiedade) que lles dean auténtica autonomía.
- Sinais de perigo (triángulo): poñen o acento en situacións que atentan contra os dereitos da muller:
  - A falta de acceso a todos aos recursos e oportunidades apuntados arriba.
  - Dificultades e falta de acceso á adecuada atención sanitaria. Isto supón un perigo para a muller especialmente durante o embarazo e o parto.
  - O traballo que realizan as mulleres, xa que estas a miúdo son discriminadas; cobrando soldos menores polo mesmo traballo que os homes, ou simplemente tendo menos oportunidades de acceder ao mercado laboral, algo que se agudiza cando teñen nenos/ as. Ademais, é máis difícil para elas o acceso aos postos de dirección das empresas.
  - O traballo que maioritariamente as mulleres realizan no fogar, a miúdo non goza de ningún recoñecemento.
- Sinais de recomendación (rectángulo): expoñen a necesidade de que traballemos por unha sociedade nas que todas as inxustizas anteriormente nomeadas non se produzan.

Con esta actividade pretendemos reflexionar sobre as situacións de inxustiza que se dan moitas veces en relacións home – muller, e valorar alternativas que promovan un cambio de actitudes.

É importante denunciar as desigualdades e as inxustizas que vexamos ao noso ao redor, e ademais, propoñer cambios que fagan que estas vaian desaparecendo paulatinamente. Por iso propoñemos que realicen este exercicio para a partir del, traballar no guión dunha clipmetraxa que permita compartir o aprendido.

Repasar as distintas infografías do calendario e pedir que pensen que nos están transmitindo cada unha dos sinais.

- Oístes falar de situacións de violencia contra a muller?
- De que nos advirten os sinais de perigo?, oístes falar de situacións así?, ocorresevos algún exemplo?
- Que nos din os sinais de prohibición?
- Teñen as nenas as mesmas oportunidades para ir á escola que os nenos?, é así en todos os países?
- Credes que é importante cambiar “o noso código de circulación” en relación á igualdade de xénero?, por que?

Dividir aos/as alumnos/as por grupos. Pedir aos grupos que elixan un sinal de prohibición, perigo ou recomendación das que se viron na reflexión. Deben elaborar un guión que transmita os contidos que ese sinal ten para o grupo.